

As emisións públicas e a medra da cultura

Maolsheachlainn Ó Caollaí

Que é a cultura?

Sempre paga a pena defini-los propios termos. Axuda a evitar malentendidos e conflitos que fan gastar forzas en cuestións que non son o caso. O concepto que máis parece xerar dificultades na nosa discusión é o representado pola palabra “cultura”. A variedade de definicións rexistradas non nos axuda a chegar ó entedemento común (a Real Comisión Canadense sobre Bilingüismo e Biculturalismo mencionou a existencia de trescentas).

A mellor maneira que atopei de definir cultura, segundo eu a entendo, é a seguinte: “En calidade de membros dunha especie común, os homes todos comparten un conxunto de necesidades fundamentais que lles é común e que deriva dos seus requerimentos comúns biolóxicamente determinados para a sobrevivencia, a nutrición e a vivenda. As necesidades fundamentais son a reprodución, a cooperación económica, política e social, a ideoloxía, a experiencia estética e a comunicación. Todas estas necesidades compártenas os homes todos e sempre se acadan por medio de recursos culturais. Isto quere dicir que, ó satisfacer as necesidades básicas, o home desenvolve no curso do tempo patróns de comportamento e pensamento que se transmiten de xeración a xeración e que cada xeración modifica para facer fronte ás circunstancias continuamente cambiantes da vida.

Entón, en toda cultura podemos clasificar a Institución Económica dicindo que está composta polas técnicas todas que se usan para organizar a produción e asignación dos bens e servizos que a xente necesita para satisfacer as necesidades materiais. A Institución Política incluíría os recursos e instrumentos formados para tomar decisións sobre cuestións que afectan a sobrevivencia dos grupos. A Ideoloxía podería definirse dicindo que é un conxunto de crenzas orientadoras que explican a natureza do mundo e da relación do home co mundo e co cosmos. A Institución estética sería un sistema de técnicas para a exaltación da experiencia humana por medio da manipulación dos sentidos (arte, música, literatura, etc.). Outra categoría crucial da cultura, a Lingua, funciona na cultura para facilitar a comunicación e a comunión, para actuar de vehículo da cultura, conectando as xeracións mortas coas vivas e as que aínda non naceron, transmitíndonos experiencia acumulada, dando forma ás maneiras en que a xente pensa e conformando o máis forte dos vínculos culturais todos, unindo á xente a xeito de comunidade identificable e distinta.

Cada pobo distinto e identificable da familia humana é distinto e identificable non por características raciais, senón polas súas condicións e experiencias únicas e pola súa resposta cultural a elas, tamén única.

En resumo: a cultura é un grande patrón, composto de patróns de pensamento e comportamento, elaborado por medio de ensaios e erros no curso das idades para satisfacer as necesidades básicas que son comúns ó xénero humano. Ora ben, como as circunstancias da vida cambian de continuo, tamén a cultura ten que cambiar de continuo.

Hai un snobismo invertido que mantén que a cultura é o dominio dos explotadores da clase superior. Abofé que isto é absurdo, porque a cultura é o instrumento por medio do que sobrevivimos todos. Ter acceso a ela é dereito de todos.

A medra da cultura

O fundamento da sobrevivencia do home ata agora e o do seu progreso por medio da evolución está na habilidade de manter o equilibrio entre o conservadurismo cultural necesario para a continuidade e a capacidade para o cambio que é esencial para a adaptación ás circunstancias cambiantes.

A medra da cultura, logo, implica o equilibrio entre o mantemento de elementos significativos e o cambio. Paréceme que “medra” tamén implica liberdade, a liberdade do pobo para dar co equilibrio que lle pete entre mantemento da súa cultura herdada, desenvolvemento dela e empréstitos e adaptacións de elementos doutras culturas.

O concepto de liberdade dá pé a certas dificultades. Todos estamos a favor da liberdade, ou polo menos queremos convencernos diso, mais teño pra min que hai falsos conceptos de liberdade QUE NON TEÑEN EN CONTA as restricións nas que funcionan as liberdades todas.

A colonización e a cultura irlandesa.

Os nosos conceptos de liberdade están influídos polo condicionamento ó que estivemos todos suxeitos. Con só botarlle un ollo á nosa historia irlandesa e ás nosas relacións sociais, económicas, estéticas e lingüísticas con Gran Bretaña, amósase que fomos e somos xente dominada. A nosa foi unha historia de colonización, con gran número de elementos comúns á colonización dos pobos africanos descrita por Albert Memmi en *Retratado colonizado, seguido do retrato do colonizador* e *O home dominado* ou por Franz Fanon n' *Os esquecidos da terra* e *O colonialismo agonizante*. Asumir, segundo fan moitos apoloxistas do *status quo*, que nós en canto pobo saímos dunha historia de colonización ilesos -que saímos incólumes de procesos que se concibiron para nos deshumanizar, alienar e inferiorizar-, é, na miña opinión, equivalente ó racismo chauvinista e estúpido. Se un asume que podemos desenvolveros a xeito de pobo distinto na situación actual sen ter en conta a nosa historia cultural, a implicación debe ser que temos certa característica racial que nos mantén unidos e da que nos podemos manter.

O feito é que nós, en canto pobo, non vencimos aínda a deshumanización, inferiorización e a alienación na que nos guindou a historia. A proba disto está no complexo de inferioridade nacional e no auto-odio que se manifesta de tantas maneiras, das que non é a menos importante o desprezo dos produtos das nosas mentes e das nosas mans que se amosa na preferencia polos produtos extranxeiros sobre os de casa e, se é que podo dicilo así, na actual campaña para excluí-la posibilidade de desenvolve-las emisións públicas irlandesas, que só favorece a reemisión dos servizos de televisión dos países dominantes. Estivemos condicionados a ver distintas culturas en xerarquía, coa cultura anglo-norteamericana no cimo e a nosa no fondo de todo. Con este punto de vista e dado o dominio masivo das pantallas televisivas do mundo pola anglo-américa que xa describiu hoxe o Dr. Varis, moitos dos novos ven a liberdade como se fose a liberdade dos ricos e podersos, dos pobos prestixiosos, dominantes e sobranceiros para domina-los pobres, febles e inferiorizados. Nesa atmosfera non podemos medrar.

Pra que a nosa cultura medre cómprenos tirar coas marcas da colonización, ter unha visión máis obxectiva dos elementos irlandeses distintivos que hai na nosa propia cultura, reducir a influencia dos elementos culturais anglo-americanos e amplia-los nosos horizontes alén do recuncho anglo-americano.

Emisións públicas e medra da cultura.

Difícilmente hei ter que salienta-la importancia das emisións públicas, nomeadamente da televisión, prós nosos esforzos por acadar-la liberdade de medrar. Proba da influencia da televisión é o inmenso gasto en publicidade televisiva, tamén esa aldraxe vergoñenta á dignidade humana: a censura gubernamental da información coa que, desgraciadamente, aquí en Irlanda, estamos todos moi familiarizados e, por outra banda, o grande corpus de investigacións sociais.

O papel que poden desenvolver-las emisións públicas na medra da cultura é dobre. Poden contribuír a que se desenvolvan os elementos distintivos irlandeses, nomeadamente a lingua irlandesa. Na nosa situación de bilingüismo receptivo extenso, pode facilita-lo uso do irlandés fóra das áreas de fala irlandesa. Xa neste momentos, numericamente, o uso principal do irlandés en Irlanda é o de escoitalo en radio ou televisión.

O amplo estudo social do padre Mícheál Mac Gréil's amosou que nos anos 1973 e 1974 case un dezanove por cento da poboación adulta de Dublín usa o irlandés con regularidade ó escoitalo en radio ou televisión. Compárese isto co feito de que, ó principio do século seguinte ó cambio lingüístico súpeto ó inglés, só un dous por cento da xente de Leinster tiña coñecemento do irlandés. As medicións da RTF (Televisión irlandesa) amosaron inequívocamente que hai un público moi amplo para os programas en irlandés, e isto malia a emisión facerse en horas que non son de máxima audiencia e de que o material televisivo é dunha gama extremadamente reducida, quere dicir : noticias, reportaxes e coloquios. Non hai programas con periodicidade regular para nenos, mulleres, granxeiros nin deportes, filmes ou series. A produción de programas dramáticos e documentais é moi infrecuente. Sexa como for, as cifras da semana que remata o 23 de marzo de 1975, amosaron estes números de espectadores:

<i>Féach:</i>	600.000	<i>7 Days:</i>	742.000
<i>Gairm:</i>	298.000	<i>Eurovision</i>	
<i>Nuacht:</i>	456.000	<i>Song Contest:</i>	922.000

Nuacht, o 8 de decembro de 1974, cando se emitía ás sete e cuarto da tarde, tiña 694.000 espectadores. (7 Días é o equivalente en inglés de Féach. O concurso de cancións de Eurovisión foi un dos programas máis populares emitidos en inglés.)

Parafraseando ó Senador Brendan Halligan, Secretario Xeral do Partido Laborista Irlandés que leva argüíndo en favor da dominación anglo-americana das nosas pantallas de televisión: non importa que un poña obxección ós programas en irlandés, o que importa é que se ven. Este é un bo argumento para defende-lo pleno servizo en Irlandés baseándonos en diversos pactos internacionais sobre os dereitos, incluída a Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Porén, os números que mencionei han ser para moitos máis convincentes.

Permítasenos compara-la situación coa de Gales. O goberno británico decidiu hai pouco fornecer pleno servizo televisivo en galés, comezando por emitir unha programación de vinte e catro horas por semana. Atendendo a unha información do presidente da BBC en Gales, a investigación da BBC amosa que o abano do público en Gales vai de 10000 a 125000 persoas (menos dun cuarto do público dos programas en irlandés). Entendeuse que decisión de fornecer un servizo de televisión era a única civilizada. O Consello Galés dos Traballadores, que parece ter visións máis civilizadas do que outros partidos laboristas de preto de casa, no seu acordo para requeri-lo establecemento do servizo de televisión en galés dixo: “O socialismo empeza pola preocupación pola persoa humana, unha preocupación que rexeita considerar a unha persoa intrinsecamente máis interesante ca outra” e “Sexa como for, as emisións, non deben permanecer indiferentes ó destino da lingua e á forma de vida local de Gales. Ou reciben pulo ou, se non, por defecto, as emisións actúan a xeito de forza na dirección contraria.” Continuaban dicindo: “Se a lingua galesa ten de sobrevivir, a forza das emisións, nomeadamente da televisión, debe disporse para dar apoio á lingua.”

Necesidade prioritaria en Irlanda é a necesidade dunha gama completa de programas en irlandés. Pode acadarse usando o principio complementario entre a canle existente e a segunda canle prevista, asegurando que un programa en irlandés nunha canle sempre irá acompañado por un programa en inglés na outra.

Para rematar, manteño que outro elemento principal para obte-la liberdade de medrar é o relativo á redución de contido anglo-americano nas emisións e a ampliación dos horizontes nosos para incluí-los pobos todos. Se queremos promove-lo cambio temos que ser quen de nos comparar con outros. Franz Boas, o antropólogo xermano/estadounidense, escribiu: “A historia da humanidade amosa que os avances da cultura dependen das oportunidades que se lle presentan a un grupo social de aprender da experiencia dos seus veciños.” Os nosos veciños son a humanidade toda, non só os grupos dominantes e sobranceiros que resultan estar mellor equipados para promove-las súas culturas propias.

O encontro promovido pola UNESCO en Tampere que reflexionou sobre os achados do Dr. Varis relativos ó tráfico de programas de televisión fixo unhas cantas recomendacións que deberían terse en conta e valer de criterio de actuación.

1. As organizacións emisoras de cada país deben estudar seriamente as posibilidades e toma-las medidas necesarias para equilibra-la composición das súas importacións de televisión, aumentado a proporción fornecida polas nacións infrarrepresentadas.
2. As políticas de comunicación e cultura de cada país deben ser definidas e a estrutura da programación televisiva debe constituírse en harmonía con estas políticas.
3. Debe prestarse atención a determinar e acadar unha proporción idónea entre:
 - a) programas de casa e importados
 - b) diferentes categorías e contidos de programas
 - c) as proporcións de programas de importación en relación coas diferentes nacións de orixe.

A proposta do Goberno de usa-la prevista segunda canle nacional para reemitir do servizo de televisión de entretemento británico, BBC1, en competencia coa canle de servizo público nacional irlandés existente, só pode valer para reforzar a nosa relación neo-colonial con Gran Bretaña e para facer imposible o desenvolvemento da televisión en canto instrumento de progreso cultural.

Á inversa, a única posibilidade estrutural de satisfice-las necesidades que veño de esquematizar xunto con outras necesidades que as limitacións temporais desta intervención non me permitiron considerar (como é o caso dos programas rexionais e a maior participación e maximización do investimento da

comunidade en proxectos estéticos) é crear unha segunda canle de televisión a xeito de parte complementaria do servizo público nacional de televisión.